

# ESTRATEGIA DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

---

Programa de Desenvolvemento Rural 2014\_2020 DE GALICIA

## HISTÓRICO DE EDICIÓNS

Versión		Data
1	Elaboración	21/11/2016
2	Actualización motivada pola modificación do logo do MAPAMA	01/09/2017
3	Actualización motivada polo cambio de nome do MAPA	17/12/2018
4	Actualización motivada pola modificación da imaxe corporativa da Xunta de Galicia	16/11/2021

## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>4</b>
<b>2</b>	<b>MARCO NORMATIVO</b> .....	<b>5</b>
<b>3</b>	<b>OBXECTIVOS E DESTINATARIOS</b> .....	<b>6</b>
3.1	OBXECTIVOS .....	6
3.2	DESTINATARIOS .....	6
3.3	ESTRATEGIA .....	6
<b>4</b>	<b>AXENTES RESPONSABLES</b> .....	<b>7</b>
<b>5</b>	<b>ACTUACIÓN</b> .....	<b>8</b>
5.1	CLASIFICACIÓN .....	8
5.2	MEDIOS E FERRAMENTAS/ CANLES DE COMUNICACIÓN .....	8
5.3	OBRIGAS .....	8
<b>6</b>	<b>COORDINACIÓN DE ACCIÓN COA REDE RURAL NACIONAL</b> .....	<b>12</b>
<b>7</b>	<b>ORZAMENTO</b> .....	<b>12</b>
<b>8</b>	<b>SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN</b> .....	<b>13</b>
<b>9</b>	<b>ACTUALIZACIÓN</b> .....	<b>13</b>
<b>10</b>	<b>VIXENCIA</b> .....	<b>13</b>
	<b>ANEXO I. SIGNOS DE IDENTIDADE</b> .....	<b>14</b>
	<b>ANEXO II. APLICACIÓN</b> .....	<b>20</b>

## 1. INTRODUCCIÓN

O Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014\_2020 foi aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015 e modificado por última vez mediante Decisión de Execución da Comisión C (2021) 4527 final, do 17 de xuño de 2021.

O artigo 66.1 do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, establece que a Autoridade de xestión será responsable da xestión e aplicación eficiente, eficaz e correcta do programa e, na letra i), dispón que deberá dar publicidade ao programa, "informando aos beneficiarios potenciais, as organizacións profesionais, los interlocutores económicos e sociais, os organismos que promoven a igualdade de homes e mulleres e as organizacións non gobernamentais interesadas, entre elas as de medio ambiente, das posibilidades que ofrece o programa e as normas para acceder ao seu financiamento, así como informando aos beneficiarios da contribución da Unión, e ao público xeral, do papel que desempeña a Unión no programa.

Segundo o artigo 13 do Regulamento de execución (UE) 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), a Autoridade de xestión deberá presentar unha Estratexia de Información e Publicidade (en adiante EIP), así como as eventuais modificacións desta, ao Comité de seguimento, con fins informativos.

En cumprimento da citada normativa, a Autoridade de xestión do PDR de Galicia 2014-2020, no ano 2016 presentou ao Comité de seguimento a EIP e as modificacións levadas a cabo nos anos 2017 e 2018.

Agora faise necesaria unha terceira modificación co fin principal de adaptar a EIP aos novo manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia.

O presente documento segue o esquema proposto no Regulamento de execución (UE) 808/2014 da Comisión:

- a) Obxectivos da estratexia e destinatarios.
- b) Descrición do contido das actividades de información e publicidade.
- c) Orzamento indicativo da estratexia.
- d) Descrición dos organismos administrativos, cos seus recursos de persoal, responsables da execución das actividades de información e publicidade.

- e) Descrición do papel desempeñado pola RRN e contribución do seu plan de comunicación á aplicación da presente estratexia.
- f) Indicación de como se avaliarán as actividades de información e publicidade polo que respecta á visibilidade e difusión do marco, dos programas e das operacións, así como ao papel desempeñado polo Feader e a Unión.
- g) Actualización anual das actividades de información e publicidade a realizar no ano seguinte.

As actuacións incluídas na EIP perseguen unha maior concienciación respecto aos obxectivos da política de desenvolvemento rural, reforzar a accesibilidade e a transparencia da información sobre as oportunidades de financiamento de proxectos con fondos Feader e dar a coñecer ao público en xeral e aos beneficiarios de axudas Feader o alcance do PDR de Galicia 2014\_2020.

Todas as actividades de información e publicidade relacionadas cos fondos Feader deberán levarse a cabo de acordo ao disposto na presente Estratexia de información e publicidade.

## 2. MARCO NORMATIVO

- Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello.
- Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello.
- Regulamento de execución (UE) 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

## 3. OBXECTIVOS E DESTINATARIOS

### 3.1. OBXECTIVOS

- O1. Mellorar a visibilidade e difusión da actuación da Unión Europea .
- O2. Reforzar a accesibilidade e a transparencia da información sobre as oportunidades de financiamento de proxectos con fondos Feader, aos beneficiarios e ao público en xeral, así como informar das obrigas de información e publicidade dos beneficiarios de axuda Feader.
- O3. Informar e sensibilizar á sociedade en xeral sobre os beneficios da actividade agraria e o medio rural de Galicia (como produtor de alimentos, como protector do medio ambiente e como conservador da paisaxe).

### 3.2. DESTINATARIOS

1. Público en xeral.
2. Beneficiarios potenciais de axudas Feader.
3. Beneficiarios de axudas Feader.

### 3.3. ESTRATEXIA

Pola súa parte, os obxectivos estratéxicos relaciónanse cos grupos de destinatarios tal e como se recolle na seguinte táboa:

	OBXECTIVOS	DESTINATARIOS
O1	Mellorar a visibilidade e difusión da actuación da Unión Europea	Público en xeral
O2	Reforzar a accesibilidade e a transparencia de información sobre as oportunidades de financiamento de proxectos con fondos Feader aos beneficiarios e ao público en xeral, así como informar das obrigas de información e publicidade dos beneficiarios da axuda Feader	Beneficiarios potenciais Beneficiarios
O3	Informar e sensibilizar á sociedade sobre os beneficios da actividade agraria e o medio rural de Galicia	Público en xeral

As persoas ou grupos de destinatarios xunto cos obxectivos determinarán o tipo de actividades a desenvolver, as cales poderán ter unha orientación informativa ou publicitaria.

## 4. AXENTES RESPONSABLES

AUTORIDADE DE XESTIÓN. É responsable de dar publicidade ao PDR, en particular a través da Rede Rural Nacional (RRN), informando, aos beneficiarios potenciais e axentes económicos e sociais presentes no medio rural das posibilidades que ofrece o programa e as normas para acceder o seu financiamento, e aos beneficiarios da contribución da Unión e ao público en xeral do papel que desempeña a Unión no programa.

UNIDADES XESTORAS DE MEDIDAS FEADER. Mediante a publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) da convocatoria de axuda e a notificación de concesión, así como nos outros medios nos que habitualmente se publique esta información, se informará aos beneficiarios do financiamento dos seus proxectos a través do PDR de Galicia 2014\_2020, a medida e a prioridade de desenvolvemento rural á que se atende. As unidades xestoras tamén informarán aos beneficiarios e/ou entidades colaboradoras das súas obrigas en materia de publicidade do programa.

ENTIDADES COLABORADORAS. Asumirán como súas as actividades de información e publicidade incluídas na presente estratexia seguindo as instrucións das unidades xestoras de medidas Feader ou da Autoridade de xestión do PDR de Galicia.

BENEFICIARIOS. Asumirán as obrigas en materia de publicidade mediante a difusión do financiamento do seu proxecto co apoio de Feader.

GRUPOS OPERATIVOS DA ASOCIACIÓN EUROPEA DE INNOVACIÓN. Ademais das obrigas xerais en materia de publicidade deberán difundir os resultados dos seus proxectos a través da Rede da Asociación Europea para a Innovación.

REDE RURAL NACIONAL (RRN). Contribuirá a través do seu Plan de Comunicación á posta en práctica da estratexia como entidade encargada de informar ao público en xeral e aos beneficiarios potenciais sobre a política de desenvolvemento rural e as posibilidades de financiamento. En particular, a RRN encargarse de establecer un portal de internet que proporcione información sobre todos os PDR das comunidades autónomas e nacional. A Autoridade de xestión do PDR de Galicia establecerá enlaces entre o sitio web do PDR de Galicia e a RRN.

INSTITUCIONES E ÓRGANOS CONSULTIVOS DA UNIÓN EUROPEA. No ámbito das súas competencias colaborarán na publicidade e difusión do PDR 2014\_2020 de Galicia.

## 5. ACTUACIÓNS

### 5.1. CLASIFICACIÓN

Actuacións sistemáticas, asociadas ao procedemento ordinario de tramitación dos distintos instrumentos de xestión (publicación de convocatorias, comunicación da concesión de axudas, etc...), que resultan de aplicación xeral a todas as medidas.

Actuacións programadas, deseñadas especificamente para a difusión dunha medida ou grupo de medidas, e executadas directamente polas unidades xestoras, como poden ser a celebración de reunións informativas, a publicación de folletos informativos, con ou sen a colaboración de organizacións externas.

Campañas publicitarias, mediando a colaboración de axencias profesionais de comunicación. Con este tipo de accións perséguese a valorización da imaxe da Unión Europea e a súa participación no PDR de Galicia. Programarase como mínimo unha campaña xenérica de información e promoción do Programa, coa posta en valor da imaxe da Unión Europea. Este tipo de accións serán xestionadas pola Autoridade de xestión.

### 5.2. MEDIOS E FERRAMENTAS/ CANLES DE COMUNICACIÓN

Procedementos administrativos: publicación no DOG, notificacións oficiais aos beneficiarios de axudas, instrucións e circulares de xestión, sitios web da Xunta de Galicia, portal do PDR, unidades xestoras Feader, entidades colaboradoras, etc...

Publicidade de proxectos: placas e carteis informativos.

Campañas de publicidade: a través de calquera medio de comunicación coa colaboración de axencias profesionais.

### 5.3. OBRIGAS

#### 5.3.1. AUTORIDADE DE XESTIÓN

##### A. DE CARÁCTER XERAL

- 1) Garantir que as actividades de información e publicidade se levan a cabo de conformidade coa presente EIP.
- 2) Coordinar as accións de información, publicidade e comunicación do resto de axentes.
- 3) Garantir que os posibles beneficiarios teñen acceso a información pertinente e actualizada.



- 4) Informar ao público do contido do PDR, da súa adopción pola Comisión e as súas actualizacións, os principais resultados alcanzados na execución do programa e o seu peche, así como a súa contribución á realización das prioridades da Unión.
- 5) Creación e mantemento dun sitio web único, cunha parte de acceso público, sen restricións de acceso, que proporcione información pertinente e actualizada, sen que iso inflúa nunha fluída xestión do Feader.
- 6) Velar porque os organismos que poidan servir de enlace participen nas actividades de información para os posibles beneficiarios a través da RRN.
- 7) Velar porque na notificación de concesión da axuda se informe aos beneficiarios de que a medida se subvenciona en virtude dun programa cofinanciado polo Feader, e da medida e prioridade do PDR de que se trate.

#### **B. COMO BENEFICIARIO E AXENTE DE COMUNICACIÓN**

- 1) Campañas publicitarias de valorización da actuación da Unión Europea a través do PDR 2014\_2020 de Galicia.
- 2) Creación e mantemento dun sitio web do PDR de Galicia, que garantirá ao público en xeral e aos beneficiarios de axudas Feader en particular, o acceso a información sobre oportunidades de financiamento de proxectos, convocatorias de axudas, condicións de subvencionabilidade do gasto, descrición dos procedementos empregados para examinar as solicitudes de financiamento e os prazos correspondentes, criterios de selección das operacións, proxectos de éxito e contactos a nivel nacional, rexional ou local que poidan facilitar información sobre os programas operativos e servirá para a divulgación de todo tipo de información.
- 3) Enlace coas institucións e órganos da Unión Europea.
- 4) Enlace coa RRN.
- 5) Relacións co Comité de Seguimento.

#### **5.3.2. UNIDADES XESTORAS**

- 1) Publicación dos distintos instrumentos de xestión no DOG.
- 2) Publicación dos instrumentos de xestión na correspondente web oficial de acordo á normativa vixente.

- 3) Notificación da concesión da axuda aos beneficiarios indicando o feito de que a operación é cofinanciada polo Feader, así como a medida e a prioridade de desenvolvemento rural do PDR de Galicia.
- 4) Comunicación aos beneficiarios das súas obrigas en materia de información e publicidade Feader, así como o control do seu cumprimento.
- 5) Cumprimento das obrigas de información e publicidade Feader en aqueles proxectos nos que a Administración autonómica é beneficiaria.
- 6) Remisión á Autoridade de xestión de calquera material de información e publicidade relacionada co PDR aos efectos da súa inclusión no apartado específico do Informe Anual de Execución que se envía á Comisión.

### 5.3.3. BENEFICIARIOS

En todas as actividades de información, publicidade e comunicación que leve a cabo o beneficiario deberá recoñecer o apoio do Feader á operación financiada, mostrando o emblema da Unión e unha referencia á axuda do Feader.

Cando unha actividade de información ou de publicidade estea relacionada cunha ou varias operacións cofinanciadas por varios Fondos, a referencia á axuda Feader poderá substituírse por unha referencia aos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (Fondos EIE).

En concreto, os beneficiarios deberán cumprir as seguintes obrigas:

- 1) Cando o beneficiario dispoña dun sitio web para uso profesional, deberá incluír no mesmo unha breve descrición da operación cando poida establecerse un vínculo entre o obxecto do sitio web e a axuda prestada á operación, cos seus obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión.

Os sitios web sobre o Feader (portal web do PDR, sitios web dos GAL,...) deberán mencionar a contribución do fondo polo menos na páxina de portada e incluír un hipervínculo co sitio da Comisión dedicado ao Feader.

- 2) No caso de operacións que consistan no financiamento de obras de infraestrutura ou construción que se beneficien dunha axuda pública total superior a 500.000 €, o beneficiario deberá colocar, nun lugar ben visible para o público, un CARTEL TEMPORAL relativo á operación.

No suposto de operacións que consistan na compra dun obxecto físico, financiamento dunha infraestrutura ou en traballos de construción que se beneficien dunha axuda pública total superior a 500.000 €, no prazo de tres meses desde que se rematou a operación, o beneficiario deberá colocar, nun lugar ben visible para o público, un CARTEL OU PLACA PERMANENTE, que indique o

nome e o principal obxectivo da operación e destaque a axuda financeira aportada pola Unión

As condicións e os requisitos de carteis e placas especifícanse no punto 4 do [Anexo II](#).

- 3) No caso de operacións non incluídas no apartado 2, que reciban unha axuda pública total superior a 50.000 €, deberase colocar polo menos, un CARTEL ou unha PLACA, con información sobre o proxecto, na que se destacará a axuda financeira da Unión, nun lugar visible e nas condicións e cos requisitos especificados no punto 4 do [Anexo II](#).

Este apartado non será de obrigado cumprimento para as operacións financiadas a través das submedidas 8.1 e 8.2, no que respecta ás primas de mantemento, á submedida 10.1 e ás medidas 11 e 13.

Cando o obxecto da axuda sexa maquinaria, equipamento informático, de telecomunicacións ou calquera outro ben no que, pola súa estrutura ou tamaño, non sexa posible identificar unha localización adecuada, o cartel ou placa poderá ser substituído por un adhesivo ou impresión no que, polo menos, figure a bandeira da UE, o fondo e o lema.

- 4) Colocarase unha placa permanente nas instalacións dos Grupos de Acción Local (GAL) financiados por Leader, nas condicións e cos requisitos especificados no punto 4 do [Anexo II](#).

Os GAL incluirán na páxina de portada da súa web, polo menos, unha breve descrición da axuda prestada ás operacións financiadas, cos seus obxectivos e resultado; acompañada dos elementos de publicidade do fondo mencionados no [Anexo I](#).

- 5) Cando a operación financiada se corresponda con publicacións (folletos, prospectos, libros ou catálogos), informes, estudos, etc., deberase incluír a información e elementos incluídos no punto 2 do [Anexo II](#).
- 6) As actividades de formación e información financiadas con Feader, deberán atender ao disposto no punto 3 do [Anexo II](#).

As obrigas recollidas nos puntos anteriores serán igualmente aplicables para operacións realizadas directamente pola Administración autonómica.

## 6. COORDINACIÓN DE ACCIÓNS COA REDE RURAL NACIONAL

A Rede Rural Nacional (RRN) é unha plataforma integrada polos principais actores implicados no desenvolvemento do medio rural: Administracións estatal, autonómica e local, organizacións profesionais, asociacións de mulleres rurais, grupos ecoloxistas e redes de desenvolvemento rural, entre outros, en representación de todos os actores do medio rural. Os seus obxectivos son:

- a) impulsar a participación das partes interesadas na aplicación da política de desenvolvemento rural;
- b) mellorar a calidade da aplicación dos PDR;
- c) informar ao público en xeral e aos beneficiarios potenciais sobre a política de desenvolvemento rural e as posibilidades de financiamento;
- d) potenciar a innovación no sector agrícola, a produción alimentaria, a silvicultura e as zonas rurais.

No período 2014\_2020 a RRN está incluída no Programa Nacional de Desenvolvemento Rural.

A RRN dispón dunha páxina web que inclúe unha sección específica onde se poderá consultar información sobre os PDR rexionais. Así mesmo, exercerá o papel de apoio en España para a Asociación Europea de Innovación, poñendo en contacto aos potenciais integrantes dos Grupos operativos que realicen proxectos innovadores cofinanciados con Feader.

A Autoridade de xestión do PDR de Galicia colaborará coa RRN nas accións necesarias para garantir a correcta información e publicidade do programa.

## 7. ORZAMENTO

As actuacións responsabilidade da Autoridade de xestión serán financiadas a través da medida 20 de Asistencia técnica do programa. O gasto estimado para as actividades de información e publicidade é de 1.750.000 euros de fondos Feader.

Realizaranse actuacións de información, publicidade e comunicación que non comportarán ningún gasto, pois algunhas son inherentes á aplicación do procedemento administrativo dos departamentos que as levan a cabo e outras as realizarán os propios beneficiarios de axudas Feader con cargo á medida correspondente do programa.

## 8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A Autoridade de xestión informará ao Comité de seguimento, polo menos unha vez ao ano, sobre os avances na aplicación desta estratexia, en particular, sobre a análise dos resultados e a planificación das actividades que se prevexan realizar no ano seguinte.

Establécense como indicadores de seguimento e avaliación da Estratexia de Información e Publicidade, de aplicación ás actuacións financiadas a través da medida 20, os seguintes:

- Importe do Gasto Público Total (GPT) (medida 20).
- Número de operacións financiadas.
- Número de visitas ao sitio web do PDR de Galicia.
- Número de insercións publicitarias (prensa escrita, prensa *on line*, internet, radio e televisión, publicidade exterior).

O sistema de seguimento deberá valorar a eficacia e eficiencia das actividades de información, publicidade e comunicación realizadas, ao obxecto de poder reconducilas en caso de que non se mostren eficaces. Para iso realizarase un informe anual sobre as actuacións de información e publicidade realizadas cada ano natural.

## 9. ACTUALIZACIÓN

Realizarase unha actualización anual da Estratexia en función dos resultados de seguimento e avaliación da mesma, determinando as actividades que se levarán a cabo durante o ano seguinte.

## 10. VIXENCIA

A presente Estratexia de Información e Publicidade terá a mesma vixencia que o PDR 2014\_2020 de Galicia.

## ANEXO I. SIGNOS DE IDENTIDADE


### 1.- EMBLEMA E LEMA DA UE

Todas as actividades de información e comunicación, independentemente de se as realiza o beneficiario ou a Administración pública, deben incorporar o emblema da Unión e o lema.

#### A. EMBLEMA DA UNIÓN




O emblema consiste nunha bandeira rectangular, na que, sobre un fondo de cor azul, doce estrelas douradas de cinco puntas, e cuxas puntas non se tocan entre si, forman un círculo, que representa a unión dos pobos de Europa.



A lonxitude da bandeira equivale a tres medios da súa anchura. As doce estrelas douradas equidistantes forman un círculo imaxinario cuxo centro se sitúa no punto de intersección das diagonais do rectángulo.

O radio do círculo equivale a un terzo da anchura da bandeira. Cada unha das estrelas de cinco puntas inscríbese nun círculo imaxinario cuxo radio equivale a un dezaioitavo da anchura da bandeira.

Todas as estrelas están en posición vertical, isto é, cunha punta dirixida cara arriba e outras dúas sobre unha liña recta imaxinaria, perpendicular á hasta da bandeira. A disposición das estrelas correspóndese coa das horas na esfera dun reloxo, e o seu número é invariable.



As cores do emblema son as que figuran á esquerda: o Pantone Reflex Blue para a superficie do rectángulo e o Pantone Yellow para as estrelas.

Cando se imprime en cuatricromía, non se dispón das dúas cores normalizadas. O Pantone Yellow obtense utilizando un 100 % de Process Yellow. A mestura dun 100 % de Process Cyan e un 80 % de Process Magenta permite obter unha cor moi próxima ao Pantone Reflex Blue.

Na paleta web, o Pantone Reflex Blue corresponde á cor RGB: 0/51/153 (hexadecimal: 003399), e o Pantone Yellow, á cor RGB: 255/204/0 (hexadecimal: FFCC00).

Se só se puidera reproducir en monocromía:



Se a única cor dispoñible é o negro, deberá delimitarse a superficie do rectángulo cun borde negro e estampar as estrelas, tamén en negro, sobre fondo branco.



Se o azul (Reflex Blue) é a única cor dispoñible, empregarase este como cor de fondo ao 100%, e reproduciranse as estrelas en negativo branco.



Con todo, se se tivese que utilizar o emblema sobre un fondo de cor, o emblema rodearase sobre un borde branco e as estrelas tamén irán en branco.



O emblema debe reproducirse preferentemente sobre fondo branco, evitando cores variados, especialmente os que non combinen ben co azul. Porén se non houbera alternativa a un fondo de cor, colocarase un borde branco ao redor do rectángulo, cuxo ancho sexa igual a unha vixésima quinta parte da altura del rectángulo.



No caso de actividades e medidas financiadas a través da medida 19, tamén se incorporará o logotipo de Leader.

Para preguntas relacionadas con el uso del emblema europeo:

[https://europa.eu/european-union/abouteuropa/legal\\_notices\\_en#emblem](https://europa.eu/european-union/abouteuropa/legal_notices_en#emblem)

## B. LEMA

O emblema estará vinculado, formando un conxunto co lema, que recollerá unha explicación do papel da Unión, por medio dunha da seguinte declaración:

*“Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural”*

A denominación ao Feader sempre figurará de forma desenvolvida: Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

En versión impresa utilizarase News Gothic (NewsGotT) para a denominación do Feader e o lema. En versión dixital utilizarase a fonte máis próxima.

Cando unha actividade de información ou de publicidade estea relacionada cunha ou varias operacións cofinanciadas por varios Fondos, a referencia ao *Feader* poderá substituírse por unha referencia aos *Fondos EIE*

## 2.- LOGOTIPO DO MINISTERIO

A súa utilización vai asociada a aquelas medidas nas que existe financiamento por parte deste organismo.

Empregarase o logotipo composto polo Escudo de España, xunto coa denominación “Gobierno de España” e a do “Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación”, usando a tipografía Gill Sans, con forma envolvente en cor de fondo amarelo. para soportes gráficos (cartel, prensa, etc.), tal e como figura abaixo:



Para soportes dixitais (páxinas web, banner, etc.) empregarse o seguinte logotipo:



## 3.- LOGOTIPOS AUTONÓMICOS

### A. A MARCA GRÁFICA PRINCIPAL


O conxunto do escudo e a Xunta de Galicia, coa súa tipografía corporativa (Xunta Sans) constitúen a marca gráfica principal.

Posto que na xestión dos fondos Feader participan diferentes Consellerías e entidades públicas autonómicas, empregarse o logotipo xenérico da Xunta de Galicia, sen mención da Consellería ou entidade.



Para garantir a visibilización e lexibilidade da marca, esta deberá ter unha altura mínima de 7mm / 20px e contará con un area de protección arredor da mesma no que non poderá incluírse outro elemento. Esta zona de protección tomará como referencia a altura do escudo:





A versión da marca principal aplicarase en cor sempre que se poida e só sobre fondos brancos.



A versión en negativo non sofre ningún tipo de variación, só o cambio de cor a branco.



Na versión en cor, o símbolo corporativo é cian 100%. Os elementos interiores do símbolo son sempre brancos. Na versión en branco e negro, o símbolo corporativo é negro 100%. Os elementos interiores do símbolo son sempre brancos.




## B. XACOBEO

A marca é a suma dos elementos que a conforman: o símbolo e o logotipo. Neste caso, está composta polo símbolo da cuncha da vieira en vermello e o logotipo en gris.



É importante manter a integridade visual da marca, para iso, a área de protección será, polo menos, a metade da altura da marca.




Uso preferente marca en positivo. Marca en negativo:



#### 4.- ORDE E DISPOSICIÓN DE LEMAS E EMBLEMAS



Os emblemas deberán estar aliñados en calquera caso e deberán ter dimensións homoxéneas.

A marca da Xunta de Galicia colorase sempre á esquerda e se separará do resto de elementos por unha distancia mínima igual á lonxitude da marca principal.



A separación entre o resto de marcas será igual ao ancho do escudo.

No caso de convivencia con outras institucións de rango superior, aplicarase o mesmo criterio que no punto anterior, aínda que axustando ao que establezan os manuais de marcas desas institucións.



No caso de operacións financiadas a través da medida 19 Leader, tamén se incorporará o logotipo de Leader, xunto ao resto dos elementos obrigatorios. Este emblema estará agrupado ao da Unión Europea formando un conxunto, podendo poñerse indistintamente á esquerda ou dereita do mesmo.



## 5.- CUESTIÓNS XERAIS

Cando se reproduzan os emblemas é importante ter presentes as seguintes recomendacións:

- Non distorsionar a imaxe, coidando que as escalas horizontal e vertical sexan as regulamentarias.
- Non xirar as imaxes, prestando especial atención á correcta orientación das estrelas.
- Non modificar as proporcións que os distintos elementos deben respectar entre si.

O aquí recollido sobre o uso de logotipos deberá respectar en todo caso os posibles cambios de denominación das unidades ministeriais ou autonómicas citadas.

Será de aplicación o disposto no manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia e na normativa de aplicación vixente en cada momento.

## ANEXO II. APLICACIONES

### 1.- REGLA XERAL

Todos os documentos que editen os axentes responsables (Autoridade de Xestión, unidades xestoras de medidas Feader, entidades colaboradoras, beneficiarios, etc.), nos que figuren actuacións referidas ao PDR 2014\_2020 de Galicia, deberán incluír os logotipos e lemas nas condicións e características indicadas no Anexo I.

Así mesmo, incluíranse en todos os materiais, ferramentas e instrumentos de comunicación e difusión utilizados.

### 2.- PUBLICACIONES

As publicacións (tales como folletos, prospectos e boletíns) que versen sobre medidas e actividades cofinanciadas polo Feader indicarán claramente na páxina de portada a participación da Unión e incorporarán os logotipos e lema nas condicións e características indicadas no Anexo I.

As publicacións incluírán referencias ao organismo responsable do contido e á Autoridade de xestión do PDR 2014\_2020 de Galicia.

### 3.- ACTIVIDADES FORMATIVAS E INFORMATIVAS

As actividades de formación e información, tales como conferencias, seminarios, cursos, feiras, exposicións, etc., financiadas por Feader, deberán incluír os logos e lemas en todos os documentos e materiais relacionados coas mesmas.

Neste tipo de actividades colocarase un cartel ou placa no lugar de celebración do evento, independentemente do importe da operación financiada, no que se destaque a contribución financeira do Feader.

### 4.- CARTEIS E PLACAS

Os modelos de carteis e placas, que os beneficiarios de axudas Feader deben utilizar para cumprir coas obrigas recollidas no punto 5.3.3, adaptaranse ao seguinte formato estándar no que o emblema da Unión Europea e a denominación do fondo, conxuntamente co lema, ademais da descrición do proxecto ou operación deberán ocupar como mínimo o 25% do deseño.



A marca principal ocupará o ancho do soporte cun marxe ao seu redor da metade do ancho do escudo.

O título da obra a executar terá unha altura de texto non superior a  $\frac{2}{3}$  da altura que teña o texto do logotipo.

Os datos da obra terán unha altura de texto non superior a  $\frac{1}{2}$  da altura do título.

O resto de logos, deberán situarse ao final do cartel cun marxe ao seu redor da metade do ancho do escudo.

#### CORES E TIPO DE LETRA

Cor fondo 1	RGB 0 123 196 Pantone 7461 C
Cor fondo 2	RGB: 0/51/153 Pantone Reflex Blue
Tipo de letra	Xunta Sans
Tipo de letra Feader e lema	News Gothic

## DIMENSIÓN

AXUDA PÚBLICA TOTAL		CARTEL TEMPORAL	PLACA PERMANENTE
>500.000 €	Dimensión mínima (A)	140 cm	30 cm
	Altura mínima chan (h)	150 cm	-

No caso de encontrarse en óptimas condicións de mantemento, o cartel temporal poderá ser utilizado como placa permanente.

AXUDA PÚBLICA TOTAL		CARTEL	PLACA
>50.000 €	Dimensións A. Mínimo	100 cm	30 cm
	Altura mínima	130 cm	-

No caso de investimentos en infraestruturas, tales como camiños, operacións de reestruturación parcelaria, investimentos forestais como forestacións, ou en xeral, actuacións que abarcan unha gran área territorial, empregaranse preferentemente carteis. Cando o investimento financiado afecte a un edificio, maquinaria ou similar, se utilizarán preferentemente placas.

Tanto os carteis como as placas serán de material resistente (ríxido ou semirrígido), non sendo admisible a simple impresión en papel. Colocaranse sempre nun lugar visible ao público.

O elemento publicitario debe manterse, polo menos, durante un prazo idéntico ao do compromiso que adquire o beneficiario ao recibir a subvención.

### 5.- AUDIOVISUAL

No caso de emprego de medios audiovisuais se deben respectar os elementos do Anexo I.